

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto Nº 154/2025 de día 24.03.2025 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 27 DE MARZO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000005

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 24.03.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo xoves **día 27.03.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 21-02-2025 E SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27-02-2025**
- 2 PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN 2025-2027.**
- 3 AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MONFERO.**
- 4 ASUNTOS SEN DITAMINAR: RATIFICACIÓN DA URGENCIA E INCLUSIÓN NO ORDE DO DÍA DO ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 4 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**
- 5 MOCIÓN DO BNG. REORDENACIÓN DO ESPAZO OCUPADO POLO HOTEL EUMESA.**
- 6 MOCIÓN DO BNG. REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROPLANTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REIS.**
- 7 DAR CONTA DECRETO NÚM. 111/2025 DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2024.**



- 8 **DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025.**
- 9 **DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2026-2028.**
- 10 **DAR CONTA DOS TIPOS IMPOSITIVOS 2025.**
- 11 **ASUNTOS DE URXENCIA.**
- 12 **ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.**
- 13 **ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**
- 14 **ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)».

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).